

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN



- DELEGADOS -
TÉCNICOS E ADESTRADORES



PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN DOS TÉCNICOS E ADESTRADORES DAS SELECCIÓN GALEGAS DE JUDO

INTRODUCCIÓN

O presente documento responde á necesidade de establecer un sistema de actuación único e coordinado por parte dos técnicos federativos responsables dos equipos das diferentes seleccións do judo galego, con especial atención ás categorías inferiores do mesmo na súa condición de menores.

Como non podería ser doutro xeito, as presentes normas de actuación contemplan como premisa básica e guía, a seguridade física e psicolóxica dos deportistas. Así mesmo, fundaméntanse nos valores ético - deportivos de:

- Respecto.
- Cordialidade.
- Amabilidade:
- Xogo limpo.

Sen esquecer en ningún momento o noso papel de educadores sociais e deportivos, as nosas actuacións responderán en todo momento aos parámetros indicados, primando sempre a aprendizaxe social e deportivo ao resultado deportivo, actuando como modelos adecuados para a devandita aprendizaxe e tratando de favorecer a victoria deportiva desde actuacións éticas.

Neste papel de modelos sociais teremos sempre unha conducta acorde co que tratamos de transmitir e cos valores que tratamos de inculcar aos nosos deportistas. O noso trato cara a eles, e cara aos demais na súa presenza, será sempre respectuoso, cordial e afable, evitaremos en todo momento a burla e a ironía (case sempre mal entendidas polos deportistas novos) cara aos demais ou cara a un mesmo, mostrando e esixindo en todo momento o respecto e a consideración á que toda persoa ten dereito. Así mesmo, todo partidismo, predilección ou afinidade será descartado tratando e demandando a todos os deportistas por igual.

Os delegados e técnicos son os máximos responsables das expedicións que ás distintas concentracións, competicións ou adestramentos organice a FGJEDA, así como dos integrantes das distintas seleccións galegas e como tales actuarán en todo momento. Sendo conscientes da gran responsabilidade que iso leva e das posibles consecuencias ou sancións nas que por culpa, negligencia ou omisión puidesen incurrir.



Os delegados e técnicos sempre acompañaran aos menores de idade aos que nunca deixaran sos, non mostrarán sorpresa, nin contrariedade, polas decisións doutros adestradores ou federativos, en presenza dos deportistas ou terceiras persoas, ao contrario mostrarán apoio e convencemento sobre a decisión tomada, aínda non compartindo en principio o criterio destas decisións.

Centrados na competición deportiva e sen división por categorías debido á crecente incorporación de menores en todas elas, dividiremos o presente protocolo nos seguintes puntos:

- IDEARIO DE ACTUACIÓN NAS VIAXES.
- IDEARIO DE ACTUACIÓN EN HOTEIS E RESIDENCIAS.
- IDEARIO DE ACTUACIÓN NA PROPIA COMPETICIÓN.

Como todo ideario, o presente protocolo establece unhas normas básicas adaptables ás diferentes circunstancias ou situacións que poidan acontecer durante as múltiples actividades deportivas ás cales enfrontámonos. Adaptación que en ningún momento pasará a premisa e valores que a sustentan.



IDEARIO DE ACTUACIÓN NAS VIAXES

Na convocatoria de cada viaxe designarase un delegado xeral e o técnico ou técnicos adestradores. Serán funcións principais do Delegado da viaxe e dos técnicos federativos:

1- Levar toda a documentación:

- Seguro médico.
- Toda a información necesaria para a viaxe (billetes, diñeiro, horarios, paradas, etc...).
- Toda a información e documentación da competición ou concentración.
- Modelo de informe para á Federación.
- Follas de eliminatorias e ligas de competición, no seu caso.
- Folla de responsabilidade para os pais/titores que se leven aos deportistas fora do programa da viaxe.

2- Coñecer o nome, peso (se fose necesario solicitarase información sobre a situación do peso establecéndose as opcións con relación á alimentación anterior á pesada) e todas as demais circunstancias persoais dos judokas.

3- No momento da saída, antes de viaxar, comprobará e revisará todo o material necesario e toda a documentación persoal e o equipamento dos deportistas. Comprobar que a indumentaria dos deportistas é a adecuada e facer constar no informe a todo aquel que non cumpra este requisito.

4- En caso de non comparecencia dalgún deportista, tras a espera dun tempo prudencial (10 minutos) intentarase contactar có mesmo, os seus pais/titores ou adestrador para informarse das causas do atraso. Esta información marcará as actuacións a realizar (esperar no sitio, recoller de camiño ou iniciar a marcha). En caso de non ser capaz de contactar co deportista ou cos pais/titores se iniciara ou se continuara a viaxe.

5- É responsabilidade do equipo técnico velar por un comportamento adecuado durante a viaxe, independentemente do medio de transporte utilizado.

6- Nas viaxes en avión encargárase de controlar os seguintes aspectos: recollida de documentación para a facturación, control da equipaxe (controlar que o persoal do aeroporto pon o adhesivo identificador), comunicar normas en relación á equipaxe de man (líquidos e produtos prohibidos), comunicar normas en relación aos equipos electrónicos (e comprobar), controlar aos deportistas nos tempos de espera (extremar as medidas en caso de menores).



- 7- Nas viaxes en autobús ou tren, controlaranse principalmente os aspectos relacionados co descanso adecuado dos deportistas durante a viaxe, o control nas paradas e continuacións, o comportamento e a limpeza. Non se permitirá a viaxe no autobús a ninguén que non forme parte da expedición, soamente directivos, técnicos, árbitros e deportistas (Salvo autorización expresa do presidente).
- 8- Nas estacións, aeroportos e áreas de servizo, manter ao equipo reunido e asegurarse de que ningún membro do grupo se separe sen previo aviso.
- 9- Nas viaxes de regreso, seremos coñecedores das horas e lugares de chegada dos deportistas e comprobaremos que nos mesmos atópanse as persoas responsables de recollelos. En ningún caso, deixarase a un menor esperar só, nin nun lugar que poida supor un risco para a súa integridade. En caso dun atraso na súa recollida tratarase de establecer contacto coa persoa que o vai recoller para solicitar información sobre a situación e decidir si esperar ou continuar a viaxe co deportista á seguinte parada (nunca deixarlle só).
- 10-Só se permitirá que os deportistas regresen fora do programa establecido se o solicitan os seus pais ou titores (deberán asinar persoalmente a folla de responsabilidade).
- 11-O técnico, en todo momento, será o primeiro en respectar as normas esixidas aos deportistas (horarios, documentación, vestimenta e comportamento) e estará en todo momento pendente do cumprimento das mesmas. Así mesmo, en base á súa experiencia ou á de seus compañeiros, anticipándose aos posibles problemas que poidan xurdir tendo en mente solucións aos mesmos.



IDEARIO DE ACTUACIÓN EN HOTEIS E RESIDENCIAS

Serán funcións do Delegado e dos técnicos federativos:

- 1- Realizar a chegada ao hotel ou residencia de forma ordenada, reunir ao grupo en lugares que non molesten a outros usuarios, facerse cargo das operacións de recepción, organizar a repartición habitacións segundo o seu criterio, tendo en conta aspectos como: control do grupo, evitar situacións xeradoras de conflito e evitar illamentos, tomando sempre nota de quen está en cada habitación.
- 2- Convocar aos deportistas a unha reunión onde se lles informará das actividades previstas: horarios, normas de comportamento e todo aquilo que fose relevante para unha convivencia adecuada durante o tempo de estancia. Organizar os almozos, comidas e ceas, debendo asistir sempre todos xuntos ou no seu caso organizar grupos en función dos horarios (os deportistas con problemas de peso poderán estar exentos de acudir ao comedor).
- 3- Establecer a hora de estar nas habitacións, que será as 23h. como norma xeral e igualmente como norma xeral a hora de durmir será as 23:30h. (silencio, luces apagadas, etc...). Atendendo a circunstancias especiais e como excepción os adestradores poderán fixar outro horario entre as 23h. como mínimo e as 01:30 como máximo (respectando sempre o criterio das 8h. de descanso)
- 4- En ningún caso, os deportistas menores de idade poderán saír do hotel sen autorización e sen estar acompañados dos técnicos salvo excepcións nas que os técnicos valorarán aspectos como lugar, hora, etc., pero sempre en grupo e baixo ningún concepto de noite.
- 5- En ningún caso, toleraranse aspectos que incumpran a normativa establecida e comunicada ou as normas básicas de comportamento neste tipo de establecementos, sendo motivo de expediente disciplinario aspectos como; non pasar a noite na habitación establecida, montar escándalo na habitación ou corredores, romper ou deteriorar o mobiliario, molestar aos compañeiros ou residentes, etc. En dependencia da gravidade dos feitos, o delegado e os técnicos presentes ademais de realizar o pertinente informe do sucedido, terán capacidade para decidir sobre as actuacións a realizar, tales como: informar aos pais, dar de baixa da competición, etc.
- 6- Os técnicos serán responsables de ter baixo control aqueles aspectos no hotel e relacionados coa actividade deportiva: avisar a recepción para que lles chame á hora adecuada, supervisar que todos se levantan á hora indicada, controlar que levan o material e documentación necesarios, etc.
- 7- O delegado e os técnicos serán os primeiros en respectar as normas esixidas e estará en todo momento pendente do cumprimento das mesmas. En base á súa experiencia ou á de seus compañeiros, anticipándose aos posibles problemas que poidan xurdir tendo en mente solucións aos mesmos.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A.

Avda. de Glasgow nº 13 (Polideportivo de Elviña) - 15008 A CORUÑA - TLF. 981.133758 FAX 981.132440

e-mail: galiciajudo@fgjudo.com

IDEARIO DE ACTUACIÓN NAS COMPETICIÓNS

Serán funcións do Delegado e dos técnicos federativos:

- 1- Controlar, en todo momento, todo o relacionado cos horarios de pesada, comidas, transportes, etc. Comunicarlllo aos deportistas e establecer un programa claro de actuación a respectar con rigor e coa folgura suficiente para contemplar as posibles eventualidades (véxase ascensores bloqueados, esquecementos de documentación, etc..).
- 2- Acompañar aos deportistas ás dúas pesadas (oficial e non oficial) e comprobar que asisten ao mesmo coa documentación necesaria (carné de identidade orixinal e non caducado ou pasaporte, autorización se fose necesario, etc..). Si algún deportista ou varios non dan o peso, o adestrador deberá deseñar o adestramento e métodos adecuados para dalo, motivándoo e acompañándoo no adestramento. Esta continxencia rexistrarase no informe dada a obrigação dos deportistas de dar o peso, pero será nas categorías inferiores onde teremos que estar máis pendentes e anticipar esta posibilidade controlándoa canto antes para evitar que suceda. En ningún momento xerar polémicas e/ou discusións.
- 3- Controlar a presenza de todos os deportistas no autobús de traslado ao pavillón e de regreso ao hotel. O equipo viaxará sempre xunto e acudirá ao pavillón aínda que teñan que competir ao día seguinte ou xa houbesen competido. Excepcionalmente os adestradores poderán facer grupos de traslado si a competición e a pesada foran a distinta hora do mesmo día ou as circunstancias o aconsellaran (duración excesiva da competición).
- 4- Dispor dos sorteos oficiais e informar aos deportistas, na medida das posibilidades, de aspectos como; cor do judogui, tapiz de competición que lle corresponde, tempo estimado para iniciar os seus combates, etc.
- 5- Previamente á competición os técnicos federativos realizarán unha reunión onde determinarán, en base aos distintos parámetros (nº de técnicos, nº de deportistas, tapices, etc..), os deportistas ou tapices que levarán cada un, controlando en todo momento todos aqueles pormenores relacionados coa competición. Han de coñecer o sistema de competición de cada un (liga, eliminatoria, tipo de eliminatoria), o sorteo, o sistema de clasificación (especial atención se é liga ao número de puntos, se é eliminatoria e é necesario á repesca), etc. Ningún aspecto pode quedar ao azar ou descoidado, solicitando dos compañeiros a axuda que sexa necesaria para controlar todos estes aspectos.
- 6- Os adestradores durante o quentamento organizarán o traballo a realizar, segundo os esquemas programados previamente, sempre en equipo e asignándolle a cada un o seu uke máis adecuado segundo as circunstancias. Tamén colaborará en axudarlle a estruturar o seu traballo táctico.



- 7- Os adestradores persoais, previamente, mediante solicitude á FGJEDA, poderán participar na preparación táctica e estratéxica dos combates nas concentracións ou adestramentos que se designe, en colaboración cos adestradores da Federación Galega de Judo; podéndose continuar este traballo de colaboración no tatami de quentamento antes de cada combate, a condición de que estas actuacións non interfiran nas normas, hábitos e imaxe dos equipos da FGJEDA.
- 8- Na medida das posibilidades, ningún deportista estará sen un técnico na cadeira, sen coñecer a cor do seu judogui, sen saber cantos combates fáltnlle para competir, sen saber cantos puntos ha de obter para clasificarse (sistema de liga), se ten ou non ten repesca, etc. Na dirección do combate desde a cadeira, os adestradores deberán actuar con educación e mesura, dando mensaxes claras, que poidan ser interpretados facilmente polo deportista.
- 9- Baixo ningún concepto, se sentará na cadeira ninguén que non sexa membro do equipo técnico. En caso de necesidade, poderase recorrer a outros deportistas ou adestradores do equipo para levar algún dos aspectos relacionados coa competición antes mencionados ou no seu caso controlar aos diferentes rivais e informar diso ao técnico para facer as correccións tácticas oportunas.
- 10-Se informara aos deportistas e será asumido polo resto dos técnicos, que as indicacións tácticas serán realizadas polo técnico responsable de devandito combate ou competidor (e sentado na cadeira) e que os demais só realizarán comentarios de ánimo e motivacionais. Informacións tácticas concretas por parte dos técnicos situados detrás serán suxeridas ao adestrador da cadeira se iso fose pertinente.
- 11-Para unha correcta información táctica ao deportista, o técnico ha de coñecer a súa forma de facer judo, por iso este coñecemento será outro dos aspectos a ter en conta para a repartición dos deportistas. O cal non exime aos técnicos da súa responsabilidade de coñecer o judo daqueles deportistas que forman parte dos equipos galegos. Os adestradores non deberán mostrar desánimo ou enfado pola derrota dos deportistas ou porque non sigan as instrucións indicadas correctamente.
- 12-O comportamento dos técnicos na cadeira (e fóra dela) será en todo momento irreprochable. Está absolutamente prohibido calquera comportamento ou vocabulario afastado do presente ideario, os adestradores, en ningún caso deberán facer valoracións ou críticas públicas, moito menos desde a cadeira, sobre as accións arbitrais. En ningún caso deberán mostrar o seu desacordo con desaires ou xestos e malas formas, sendo en todo momento respectuosos co árbitro, co rival e, por suposto, co noso deportista



- 13-**Ao finalizar os combates, os adestradores, independentemente do resultado, esperarán a que o deportista abandone o tapiz, felicitándolle en caso de victoria ou tendo unhas palabras de ánimo ou consolo en caso de derrota, nese momento non se realizaran comentarios de desanimo ou de tipo negativo.
- 14-**Respectaremos o tempo de duelo posterior a cada derrota evitando toda situación que puidese ser conflictiva. Non serve de nada o reproche nin a crítica, soamente para propiciar unha situación tensa que pode desencadear unha mala contestación. Na medida das nosas posibilidades será conveniente coñecer a reacción de cada deportista ante a derrota para atopar o modo de actuación máis adecuado, pero sempre tendo en mente a seguinte actuación (seguinte combate se existe dita posibilidade), xa haberá tempo para mirar atrás, aprender e corrixir. Intentaremos, 5' o 10' despois, unha vez recuperado o deportista:
MANTER A CONCENTRACION E ACTIVACION.
RECUPERAR/HIDRATAR/SENSACIÓNS POSITIVAS/ANÁLISES FEED-BACK.
- 15-**Os adestradores, absteranse de realizar valoracións de admiración ou comparacións, en presenza dos deportistas, sobre os seus adversarios ou futuros adversarios, sistemas de adestramento, adestradores ou outras federacións territoriais e nacionais.
- 16-**O técnico estará pendente de todos aqueles aspectos que unha vez finalizada a competición sexa necesario ter en conta (control doping, traslado ao autobús e aeroporto no seu caso, etc..).